

Data	6/03/2024		
Lugar	Seminario 5.3, Edificio Administrativo do Auditorio “Mar de Vigo”-UNED. Pranta 5ª, Avda Beiramar nº 59.		
Inicio da xuntanza	17:40h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	19:55h
Asisten	• Presidenta, Mª Olga Alonso Suárez • Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias - Sector docente: • Raquel Carballo Coello • Santiago Rodríguez Sánchez • Marta Consuegra Esteban • Yolanda Benito de Tapia - Sector usuarios/as: • Mª Bertila Fernández Pérez • Yolanda González Larrañaga • Joel Covelo Gallego - Sector social: • Juan Ramón Castro Cota • Óscar Álvarez Gallego • Antonio Vázquez Vázquez		
Escusan asistencia	• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez • Sector docente: Patricia Pereira • Sector docente: Xoan Xosé Santos Costa • Sector docente: Mª Isabel Lago Schramm • Sector usuarios: Pedro Xosé Castañón Valls • Sector social: Pilar Álvarez Rey • Sector social: María Aurora Alonso Sáenz de Miera • Sector social: Isabel López Lorenzo		



	• Sector social: Enrique Alonso Rodríguez • Sector social: Antonia Céspedes Balongo
Non asisten	• Sector docente: Leonor Gala Torres Sabín • Sector docente: Jose Manuel Pérez Rodríguez • Sector docente: Juan Ignacio Herrero Álvarez • Sector usuarios: Iria Salvande Lorenzo • Sector usuarios: Leticia Caldas Filgueira • Sector usuarios: Alfonso Otero Guinea • Sector Social: Eladio Fernández Pérez • Sector social: José Álvarez Carpintero
Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación da acta anterior, se procede.

2.- Informe da Presidencia do CEMV

3.- Informes das comisións de traballo do CEMV.

4.- Propostas de mocións:

4.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a defensa do ensino público.

4.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a reactivación dos Consellos Municipais.

4.3.- Suxestión de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a recuperación do programa Aprender a Convivir.

4.4.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre o uso da pornografía entre os menores.

4.5.-Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre o uso das pantallas

4.6.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación e mapa escolar



de Vigo.

4.7.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a FP; Ciclos Formativos e FP Dual.

4.8.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o informe PISA.

4.9.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre propostas para a mellora do sistema educativo.

4.10.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as competencias en materia de ensino.

4.11.- Santiago Rodríguez Sánchez, conselleiro polo sector docente, CIG-E, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a mellora da oferta educativa.

5.- Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Aprobación da acta anterior, se procede.

O Secretario solicita que se vote a acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da Xuntanza Plenaria do 27 de novembro de 2023

2.- Informe da Presidencia do CEMV

A Presidenta toma a palabra e agradece a todos a súa presenza. Da conta incorporación ao CEMV de Marta Consuegra que representa ao sindicato Federación de Sindicatos Independentes de ensinanza (FSIE) no ensino privado concertado e dálle a benvida. Lembra ademais que este será o último Pleno coa actual composición do órgano, xa que se entra en período de renovación, pasados os 4 anos preceptivos de mandato. Explica que se iniciará o período de renovación total no terceiro trimestre. Iso non quere dicir que tódolos presentes non vaian volver a ser nomeados polos organismos aos que representan, e que incluso sería bo que moitos seguisen, para darlle continuidade ao órgano. Di que contan que o inicio do curso escolar, en setembro, se teña xa constituído o novo Consello Escolar Municipal. Así pois, antes de nada quere darlle as grazas a todos e todas pola colaboración e pola súa asistencia en tódolos plenos e sobre todo polo seu traballo, que é moito traballo que se fixo nestes últimos catro anos. Di que desta etapa se senten especialmente orgullosos da participación do alumnado, que foi moi activo, polo que lle agradece a Joel Covelo o seu traballo e implicación. Prosegue informando das cuestións que se están levando a cabo na Concellería de Educación.



Comeza falando das axudas ás familias para libros. Explica que houbo 18.081 solicitudes, e as solicitudes poden ter un ou máis beneficiarios. Informa de que xa fixo un pago correspondente ás primeiras 8.035 solicitudes. Faltaría facer o segundo pago. Explica que se fixo este primeiro pago máis que nada porque houbo algunhas solicitudes moi fáciles de tramitar esta vez, porque como eran persoas que solicitaran xa o ano pasado esta mesma axuda, había documentación que non había que comprobar. Explica que nese momento faltan por comprobar en torno a 500 solicitudes, e que contan rematar nesa semana. Logo unha vez se eleve á Xunta de Goberno Local, faranse os pagos restantes. Lamenta o feito de que saíran algunhas informacións insinuando que non se ían pagar tódalas axudas concedidas, pero recalca que iso non é así. Vanse pagar, pero as tramitacións sempre teñen uns tempos que hai que respectar.

En canto ás Escolas Infantís Municipais, explica que vai saír a convocatoria das prazas e as familias terán prazo de presentación de solicitudes do 25 de marzo ao 12 de abril, nas 9 escolas infantís que ten este Concello. Aproveita para recalcar que nas Escolas Infantís Municipais non se paga nada, nin sequera os servizos complementarios coma o comedor ou o servizo de Atención Temperá, tan importante para os nenos, e que ofrece o Concello de Vigo sen ningún gasto para as familias. Lembra que nesas nove escolas inclúese a Escola infantil municipal chamada Santa Marta Praza da Industria, que era a EI Santa Marta e que se trasladou por todas as obras do Barrio do Cura á Praza da Industria. Lembra que no Barrio do Cura está previsto que tamén se constrúa unha Escola Infantil cando se urbanice a zona. Relacionado con este tema explica que se acaba de sacar a trámite a licitación das escolas infantís municipais de Bouzas e a de Tomás Alonso, son contratos que rematan e que hai que volver a licitar. Está aberto o prazo ata o 19 de marzo. Informa de que se aproveitou para introducir un cambio nas quendas. É dicir, estas 2 escolas infantís tiñan quendas de mañá e de tarde, pero é verdade que as quendas de tarde non estaban nada solicitadas. Entón aproveitouse para cambiar e poñer unha quenda continua, que é o que está pedindo a xente. A entrada dos nenos está prevista entre as 7 e media e as 9 da mañá e a saída entre as 5 e media e as 7 da tarde, con 8 horas de máxima permanencia.

Di que no Servizo de Educación tamén se está a tramitar o expediente de Vigo en Inglés para o ano 2024 e que contan sacar 925 prazas. Tamén están coa convocatoria das bolsas municipais da Escola Oficial de Idiomas do ano 2024.

No referente a programas educativos para os escolares, explica que nese momento se van a ofertar uns percorridos pola historia da cidade dentro dun programa que se chama A Máquina do Tempo. Explica que terá contidos sobre A Reconquista e que se visitarán a Fortaleza, o Casco Vello... Tamén lembra que se continúa cos programas Música na Escola e programa Visita o teu Concello. Despois está o programa de Concertos Didácticos que como tódolos anos durante o curso desenvolven as propias escolas municipais, tanto a ETRAD como a Escola de Música Municipal. Tamén se recalcan as Xornadas de teatro escolar nas que participa a Escola Municipal de Teatro, e na que participan os centros educativos que queren con teatro escolar.

Explica que se segue co programa Vigo Educa polo que os centros educativos teñen a posibilidade de solicitar transporte en autobús para saídas didácticas. Lembra que en todo caso os programas que son propios como o de Visita o teu Concello, xa levan incluído o transporte,



non lle contan eses nesos créditos que teñen os centros asignados en Vigo Educa.

Por último explica como vai a contratación do servizo de mantemento e conservación e vixilancia dos centros públicos. Comenta que se presentaron catro empresas e aínda están no proceso de baremación. Informa de que tamén se aprobou agora en Xunta de Goberno Local o programa de autoxestión, polo que se asignarán 360.000 euros para os colexios e que está repartido en función do número de alumnos e da superficie do Centro. Lembra que no curso anterior se subiu un 27%. Di que son conscientes de que este diñeiro o reciben bastante tarde, pero é verdade que poden ir gastando desde o comezo do ano natural. Teñen que ir facendo os gastos que precisen e gardar as facturas para a xustificación.

Rematada a exposición do informe da Presidencia, o Secretario pregunta aos presentes se teñen algún comentario ou pregunta ao respecto.

Santiago Rodríguez pregunta cal é a previsión do inicio do contrato do servizo de mantemento e o Secretario explica que, se todo vai ben, esperan que se inicie a primeiros de maio. Pero lembra que é un expediente bastante complexo, pero se todo vai ben e non hai atrancos en forma de recursos ou calquera cousa que ralentice o procedemento, prevén que sexa a principios de maio.

Raquel Carballo pregunta acerca de cando se prevé abrir a EI da Praza da Industria. Olga Alonso explica que en principio a previsión é que se arranque en setembro, pero si que é verdade que nas bases vaise reflectir que ao mellor nesa escola se inicia o curso un pouco máis tarde. Di que isto se fixo máis que nada por cubrirse, porque a obra esta rematada xa desde primeiros de xaneiro. Desde ese momento fíxose un repaso para mirar as cousas que podían estar mal e reclamarllas á empresa construtora. Agora iniciáronse os expedientes para dotala, poñerlle cociña, todo o mobiliario, electrodomésticos,... Todas esas cousas teñen que pasar todos os filtros da inspección. E logo a Xunta ten que dar a conformidade de que todo está correcto. Entón a previsión é que en setembro estea funcionando, pero por se acaso no pliego recóllese unha posible demora pero de poucos días, por se nalgún destes pasos que hai que dar houbera unha demora. Explica que tiveron unha xuntanza coa ANPA da escola e incluso eles lles dicían que non querían que se acelerara demasiado o proceso porque non querían que se cambiasen aos nenos antes do remate do curso.

Joel Covelo pregunta acerca dunha posibilidade que se falara no anterior Pleno de aumentar o Vigo en Inglés a outros países, con outras linguas como o alemán ou francés. A Presidenta explica que se tiveron unhas entrevistas con algúns institutos para falar deste tema. O que se lle aclarou é que se algún alumno recibía unha bolsa de Vigo en inglés non ía recibir unha de Vigo en francés ou de Vigo en alemán. Entón os mesmos profesores tantearon ao alumnado e transmitíronnos que non había demanda para cubrir eses países. Óscar Gallego pregunta a que institutos se chamou e a Presidenta di que ela mesma se encargou de chamar ao IES San Tomé, ao IES Rosais e a un CPR que agora non lembra exactamente. Explica que se chamou a estes porque teñen o francés como primeira lingua. O secretario comenta que se estivo valorando sacar un lote de inglés que sería o máis substancial e logo un lote de francés e un lote de alemán, pero ao final viron que ían a perder esas prazas, xa que ao ser excluíntes, os centros consultados dicíanlles que o seu alumnado prefería o inglés. Consideran que é mellor seguir



como ata agora e diversificar nas linguas coas bolsas da Escola de Idiomas, que aí si se ofertan prazas de francés, alemán, chinés, portugués, italiano... Santiago Rodríguez comenta que para dar opción de diversificar idiomas igual se podería sacar a convocatoria propoñendo unha prelación de preferencia de maneira que os solicitantes puxeran o que preferían de 1ª opción e de 2ª. E se non consegue praza na primeira opción igual pode ir na segunda. Pedro Vázquez comenta que tampouco sería xusto porque que poñan de 2ª opción francés non quere dicir que sexa o desexable, e ao mellor ese alumnado preferiría que houberse máis prazas en inglés e ir a Inglaterra que quedar sen praza de inglés e que se envíe a Francia. Explica que antes de licitar hai que ter moi claras as preferencias do alumnado porque senón pode correrse o risco de perder prazas.

3.- Informe das comisións de traballo do CEMV

Informe da Com. Pedagóxica e de Innovación Educativa:

Bertila Fernández presenta o informe da Comisión:

A Comisión Pedagóxica do CEMV segue a traballar na liña do feito ata agora, tendo á convivencia como eixo principal do noso traballo. Curso tras curso levamos anos presentado mocións e informes nos que se reflicte o noso traballo, pero nos últimos tempos, a Comunidade Educativa parece desanimada, parece que pouco ou nada cambia. É por iso que reiteramos nesta sesión Plenaria o texto do Informe que se presentou fai un ano, no 2º trimestre do curso anterior, e que un ano despois ten vixencia plena, agardando que isto nos sirva a todos e todas para reflexionar sobre a necesidade de participación conxunta, activa e consciente de toda a comunidade educativa:

O plan de traballo da Comisión Pedagóxica do CEMV séguese a manter. Intentouse seguir o plan marcado, pero non se acadaron completamente os obxectivos marcados.

Facendo un exercicio de autocrítica, a asistencia ás comisións e a participación foron mínimas. Os axentes que conformamos o CEMV debemos retomar a capacidade de diálogo e entendemento e coller da man os fíos nos que estamos de acordo.

Debater e chegar a consenso é a única forma de chegar a un futuro educativo inclusivo, digno e de calidade.

*Temos que marcarnos o obxectivo de ser **COMUNIDADE EDUCATIVA**, para o que precisamos a implicación de todas e todos.*

O CEMV é o foro educativo máis representativo de todos os sectores da Comunidade Educativa.

Temos moitos recursos á man e ferramentas que estamos a desprezar. Somos unha plataforma dende a que podemos levar as voces do alumnado, familias, profesorado a onde teñamos que chegar. Participemos activamente e aproveitemos este foro para, entre todas as persoas que aquí estamos, mellorar o ensino.



Bertila Fernández comenta que esta comisión quixo insistir un curso máis en traballar sobre a convivencia. Lamenta que por circunstancias non se puido traballar todo o que quixeran, debido a que houbo moita falta de asistencia ás comisións. Explica que ás veces estaban unha persoa de cada comisión, chegando a facer xuntanzas das tres comisións xuntas. Pensa que co que está a caer no ámbito social, político e económico a nivel mundial, hai que chamar á reflexión. Lembra que na cidade de Vigo se pode traballar con boa semente a educación dos nenos e nenas, e seguir traballando como comunidade educativa porque non podemos esquecer que os nenos e nenas son os nosos fillos pero tamén forman parte do proxecto educativo de cada profesor ou profesora e de cada centro educativo. Entón non ten sentido que vaian as familias por un lado e o profesorado por outro, non pode ser que as administracións non teñan unha canle de comunicación aséptica sen que haxa interrupcións polo medio. Por todo iso o traballo como comunidade educativa é importantísimo e este Órgano é o mellor foro que existe porque representa a toda a comunidade. Hai que recuperar ese traballo que se viña facendo. Recoñece que aínda que a pandemia veu a estragar todo, aínda existe a capacidade de retomar o debate e buscar un consenso en cousas que ao mellor por sectores, non se vai a estar plenamente de acordo, pero si se poden buscar puntos de unión. Antonio Vázquez cree que na actualidade hai un problema estrutural grave, que a sociedade desconfía da escola e iso fai que cada vez se distancie máis a comunidade educativa. Todo o mundo manifesta estar a favor da escola, pero sen embargo, non se toman medidas políticas de potenciación da escola. Non se inviste nas escolas, non se lle paga ben ao profesorado,... E outra cousa que está pasando ultimamente é que cando hai un problema sempre se di que quen o ten que solventar é escola. Pon como exemplo un debate que viu nun programa de televisión no que falaba un alto cargo na Policía Nacional sobre o tema da corrupción, e que chegou a dicir que había que crear unha materia na escola para formar aos españoles e ás españolas para que non houbera corrupción. É un exemplo pero isto é o que se fai, cada vez que xorde un problema na sociedade, espérase que os docentes o solucionen desde as aulas. Óscar Gallego pensa que tamén cada vez hai máis pais que esperan que no colexio eduquen aos seus fillos e el pensa que aos fillos hai que educalos na casa, non é responsabilidade dos mestres. Bertila Fernández comenta que hai é que desterrar esa idea, porque a educación depende de todos, dos centros educativos, das familias e da sociedade en xeral. Trátase de traballar conxuntamente, cada un desde a súa esfera pero todos en conxunto, ao unísono.

Informe da Com. de Equipamentos e Planificación Educativa:

Santiago Rodríguez presenta o informe desta Comisión:

Seguindo a liña de traballo desta comisión na procura da reflexión colectiva e elaboración de propostas para a mellora das políticas educativas e da súa materialización nos ámbitos municipal e de equipamentos e planificación educativa, abordáronse os seguintes aspectos neste período do curso escolar após o último pleno do CEMV:



1. Propostas de mellora xeral a partir do último informe do ministerio de Educación e Deporte, especialmente canto á creación dunha verdadeira rede galega de escolas infantís.
2. Propostas de mellora específicas canto á oferta educativa (IES de Navia, zonificación e mapa escolar, ciclos de FP) e canto á atención á diversidade do alumnado (ratios, horario lectivo do profesorado, dotación de persoal específico).
3. Necesidade conxelada de actualización da zonificación escolar de Vigo e da confección dun mapa escolar que contemple todos os recursos e necesidades educativas en equipamentos e servizos.
4. Necesidade de impulso de funcionamento do Consello Galego da Convivencia e de actuacións xerais e puntuais contra a lacra da produción e consumo de pornografía infantil e xuvenil e por un plan de educación emocional e afectivo-sexual nos centros escolares.
5. Necesidade dunha educación que aborde o tema e problemática do uso de pantallas, canto á comunicación saúdabel, seguridade, consumos, equilibrio, alternativas, etc. etc.
6. Necesidade da adopción de medidas acordes cos resultados e conclusións das probas de avaliación que se realicen, e nomeadamente cos do informe PISA.
7. Necesidade de ampliación da oferta de ciclos de formación profesional e a súa adecuación á contorna e recursos empresariais e necesidades formativas e do mercado de traballo, mantendo a primacía do ensino presencial.
8. Necesidade de exercicio pleno, real e directo, das competencias que en materia de educación debe exercer a Xunta de Galicia, con alusión especial ao servizo de comedor.

Santiago comenta que na Comisión de Equipamentos se segue a traballar nas mesmas reivindicacións de sempre. Dálle mágoa que nesa sesión non asista o representante da Administración Educativa e nin sequera se lle poida preguntar como está o tema do IES de Navia, do que por agora só se ten o nome pero para o que non hai nin orzamento consignado. Comenta que as necesidades que se plasman no informe non son novas, e seguen sen cumprirse, ano tras ano, e o único que se fai é poñer pequenos parches.

Antonio Vázquez, ao fío do que se acaba de comentar, quere facer unha valoración do traballo que se está a facer neste Consello Escolar Municipal. Cree que deberían sentirse moi orgullosos e de feito, di que el se sente moi orgulloso. Di que evidentemente lle gustaría conseguir moitas cousas, pero lembra que eles non son un órgano executivo, polo tanto, o CEMV non ten esa a función, pero si son un órgano de consulta e asesoramento, e que se el formara parte dun órgano executivo estaría encantado de ter un Consello asesor coma este, que lle dera todas as ideas de cousas que se foron aprobando nos últimos anos. Hoxe que remata unha fase deste órgano e se vai renovar a súa composición, pensa que tódolos membros que levan anos traballando, deben saír coa cabeza ben alta. E se repasan tódalas mocións que se levan presentado nos últimos 4 ou 8 anos, pode ver o gran traballo que se leva feito. E só hai que coller tódalas mocións para facer un perfecto estudio das necesidades non só de Vigo, senón de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 8 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

toda a comunidade autónoma. Raquel Carballo comenta que ademais é un traballo impagable, ter a toda a comunidade educativa analizando e mostrando as carencias e necesidades do sistema educativo e incluso propoñendo medidas nas que se pode mellorar, iso é un regalo para calquera órgano executivo. Olga Alonso comenta que ademais que debe molestar que, pese a que os integrantes son moi dispares, que na diversidade onde está a riqueza do órgano, se saquen adiante as mocións sempre por a maioría e case na maior parte dos casos por unanimidade. E isto faise porque se debaten os temas ata poder sacalos adiante, porque todos teñen claro que teñen que traballar conxuntamente pola Educación. Igual que Antonio, ela pídelle que se vaian cunha boa sensación, de que levan feito un traballo excepcional e que é de agradecer, investido o tempo libre de cada un e dedicándolle parte das vidas a que se consiga unha Educación de calidade para todas e todos.

Informe da Comisión do alumnado

Durante este trimestre, como comisión de estudantes seguimos mantendo reunións con representantes do alumnado dos centros urbanos. Ademais disto, seguimos mantendo contacto e axudándoos no que necesitaban e resolvendo dúbidas. Durante o encontro compartiron con nós as súas dúbidas e, sobre todo, manifestaron unha vez máis os problemas de transporte que padecen estes estudantes de bacharelato e FP. Aparte diso, trasladáronnos algunha dubida e inqueda.

Durante estes 4 anos foron moitas as mocións que esta comisión e os seus integrantes presentaron, unhas con maior recorrido que outras. Pero sen dubida, unha das mocións das que estamos mas orgullosos delas, e é a moción que presentou un dos nosos compañeiros nada mais chegar a este consello solicitando un paso peonil e un semáforo enfrente do colexio Martín Codax que tras uns anos de obras puidemos ver como se inauguraba. Isto exemplifica á perfección a necesidade de que exista unha representación do alumnado neste consello escolar, e de que siga a funcionar igual que o fixo durante estes anos.

Joel Covelo di que como último Pleno ao que el pode asistir, lle gustaría agradecer toda a axuda prestada polos membros do CEMV aos alumnos que conformaron esta comisión desde a súa creación. Di que non cree que puideran ter feito o seu traballo sen axuda de todos os compañeiros que forman parte do Consello e da asistencia técnica. Gustaríalle que se trasladara tamén o agradecemento a Olga Alonso e aos concelleiros que ao longo destes anos se reuniron con eles, agradecéndolles a súa colaboración coa mocidade en todo momento. Foi un pracer traballar con todos e todas. E comenta que espera que se siga a traballar durante os seguintes anos na liña que agora se iniciou e que se presenten moitos alumnos e alumnas para formar parte desa nova etapa.

Olga Alonso diríxese a Joel para darlle as grazas a el no seu nome e no de todos, porque foi unha marabilla contar con el. Ademais de todo o traballo que fixo, de ser quen de poñer en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 9 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

marcha a Comisión do Alumnado, destacar que foi capaz de unir á xente nova para que se siga presentando, o cal é moi importante, porque moitas veces moitas veces abrir camiño é unha labor esencial. Nese sentido, comenta que a reunión que desde a Comisión do Alumnado organizaron para falar cos representantes de alumnos de todo Vigo foi marabillosa, e para ela que asistiu, mirar como Joel lle explicaba o que se facía neste Órgano aos seus compañeiros e compañeiras, foi un orgullo. Así que Joel, en nome de todos moitas grazas.

4.- Propostas de mocións:

4.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a defensa do ensino público.

ANTECEDENTES

Cando unha persoa morre, cando sucede unha traxedia, o loito fai presenza nas nosas vidas. O recollemento, a reflexión, as preguntas, as inquedanzas, fannos pensar.

Hai mortes inevitables, pero tamén hai mortes evitables.

A prevención, a aposta firme por un proxecto de vida, por un proxecto educativo potente, por unha sociedade equitativa, comprometida, resolutiva, que contemple a participación, o diálogo e que garanta os dereitos universais para toda a cidadanía.

Mais, isto non está a suceder nestes intres no eido educativo. A administración competente na nosa comunidade non garante a atención á diversidade, non respecta os dereitos educativos da infancia e da mocidade.

Os chamados recortes no ensino público son unha evidente falta de aposta da administración competente cara a “ESCOLA PÚBLICA, CARA O ENSINO PÚBLICO”.

Non poñen os suficientes medios materiais nin profesionais especialistas. Néganse recursos a diario, din que temos os suficientes.

Cando dende as familias facemos peticións para sentarnos a dialogar, a trasladar á Administración as situacións que estamos a padecer, non hai resposta, non reciben, non se sentan con nós.

Condicionan, presionan e acadan actitudes irrespectuosas cara o profesorado, cara o alumnado. Non teñen en conta, non respectan a ninguén, non respectan á comunidade educativa do ensino público.

A educación é cousa de todas e todos: familia, escola, sociedade, pero a última responsabilidade tena a Administración.

Garantir, acompañar e dar resposta.

TEXTO:

Polo exposto, solicitamos:

- A defensa dos dereitos do alumnado, das familias e do profesorado.
- Máis recursos para todas as etapas educativas.
- A modernización e a adaptación dos espazos educativos.
- Servizos educativos (comedores, madrugadores, actividades extraescolares)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 10 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xestionados pola Administración educativa.

- Que se traballe para favorecer a conciliación laboral e familiar.
- Unha educación inclusiva que dea resposta ás situacións que viven a diario os nosos fillos e fillas.
- Educación emocional, tan necesaria para a prevención do suicidio, trastornos alimentarios, ludopatías, pornografía, redes sociais...
- Colaboración entre as consellerías de educación e todas as que sexan precisas para mellorar o ensino público.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a defensa do ensino público.

3.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a reactivación dos Consellos Municipais.

ANTECEDENTES

A educación das cativas e cativos, das mozas e mozos, é corresponsabilidade de todas as persoas que, dalgún xeito, están no entorno da rapazada.

É certo que a sociedade, en xeral, educa. As persoas que forman parte da vida comercial, social, industrial, os medios de comunicación, entidades veciñais, entidades deportivas, etc. Todas forman parte do tecido social.

A escola é unha microsociedade onde se reflicten, indudablemente, as situacións que nos rodean: familiares, sociais, laborais, o mundo do lecer, desequilibrios sanitarios, as migracións.

Na nosa cidade contabamos con tres consellos municipais moi significativos:

- Consello Asesor da Infancia, dependente de Benestar Social: as entidades aquí representadas trasladaban o día a día, aportando unha grande información das necesidades reais da infancia en todos os contextos. “Aprendizaxe, posta en común, busca de solucións”. Necesario. Grandes expertos da vida. Visión clara e concisa.
- Consello Municipal das Migracións, dependente de Benestar Social: foro específico da realidade das migracións, de novo, persoas vinculadas coas situacións que se producen a diario, trasladan esa visión como ninguén, que dá pé a non ter dúbidas.
- Consello Municipal dos Deportes: este consello é necesario para visibilizar os beneficios do deporte na nosa cidade, fortalezas, melloras a levar a cabo, aprendizaxe...

O vínculo coa educación é moi directo. As escolas deportivas municipais dan acubillo a moitas nenas e nenos da nosa cidade, ofrecendo unha grande variedade de modalidades deportivas. Sería un paso cualitativo recuperar este Consello.

O deporte é educativo, inclusivo, foro de convivencia. A relación de entidades deportivas e educativas, enriquece de xeito evidente o plantexamento e melloras destas actividades, tendo en



conta os contextos persoais das nenas e dos nenos que acceden ou poderían acceder a estas escolas.

A diversidade e as necesidades específicas teñen que ser unha normalidade no día a día.

Tamén temos o Consello da Lingua que se veu afectado pola pandemia da COVID – 19. Non se volveu convocar polo que sería preciso retomar a súa actividade e poñer en valor a nosa lingua e traballar con ela.

A participación da comunidade educativa nestes consellos é imprescindible, xa que a aportación vai ser beneficiosa á hora de tomar decisións consensuadas.

A interrelación destes consellos co CEMV vai dar unha maior calidade ós temas relacionados coa infancia. Educación, deporte, migracións e infancia teñen que compartir e ir da man.

TEXTO:

Polo exposto, propoñemos que se adopten os seguintes acordos:

- Solicitamos a reactivación destes consellos municipais para unha mellora da vida educativa, social, deportiva e de ocio da cidade.
- Solicitamos se inste á concellería de normalización lingüística a que convoque o Consello da Lingua.
- Solicitamos que haxa unha interrelación entre estes consellos e o CEMV.

Olga Alonso comenta que ela é a responsable da Concellería de Normalización Lingüística que promove o Consello da Lingua, é que vai tratar de averiguar como está o tema para ver a posibilidade de retomar a actividade. Santiago Rodríguez comenta que en Pontevedra se acaba de pór en marcha un Consello de Infancia, que tamén sería moi bo contar cun órgano así. Joel Covelo lembra que eles presentaron unha moción no anterior Pleno solicitando a creación dun Consello de Infancia e Xuventude.

A Concelleira di que ela lembra que en Vigo se ten feito un Pleno da infancia e o Secretario explica que foi cando se tratou de entrar na Rede de Cidades Amigas da Infancia, pero que non se conseguiu porque cumprían tódolos requisitos agás ter precisamente un Órgano dese tipo que mencionan, un Consello da Infancia estable.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a reactivación dos Consellos Municipais.

3.3.- Suxestión de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a recuperación do programa Aprender a Convivir.

TEXTO:

FOANPAS, suxire que:

Que se recupere o programa “Aprender a convivir” co obxectivo de que nos centros educativos se instaure a cultura de paz e non violencia.



Bertila Fernández comenta que o programa de Aprender a Convivir foi un programa impulsado por Suso Jares, un gran pedagogo e sobre todo unha gran persoa. Este programa do Concello de Vigo foi referente non só en Vigo, senón en Galicia e España, e incluso traspasou fronteiras e tivo moita repercusión en Hispanoamérica. Recuperalo e adaptalo ás necesidades de hoxe en día sería un obxectivo primordial para a Comisión Pedagóxica. Aprender a convivir é unha tarefa complexa, pero non é imposible. Se non aprendemos a convivir entre persoas e os nenos non aprenden a convivir con todo o que teñen no seu entorno, van ter unha vida difícil.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a recuperación do programa Aprender a Convivir.

3.4.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre o uso da pornografía entre os menores.

ANTECEDENTES

Segundo o Estudio “Juventud y pornografía en la era digital” elaborado por Fad Juventud, o uso da pornografía entre a mocidade vai en aumento. Resumindo, cabe salientar estes datos:

- Unha de cada catro persoas de entre 16 e 29 anos recoñece consumir con moita ou certa frecuencia contidos de tipo pornográfico que mostran violencia física e/ou verbal, cunha diferenza de dez puntos entre homes (28 %) e mulleres (18%).

A única barreira de entrada ou control para “entrar” neste tipo de contidos é “responder afirmativamente que eres maior de idade”; é dicir, cun clic, sexa verdade ou mentira, calquera pode acceder.

- Asemade aparecen títulos con clara apoloxía da violencia (“violando a unha muller secuestrada”, “violando a unha amiga durmindo la borracheira”, etc). Sendo a porcentaxe de mozos de 16 a 29 anos que consume contidos de alta violencia sexual ou verbal ou humillacións do 16 %.

Segundo o doutor en Psicoloxía e especialista en Sexoloxía, Jose Luis García, “ entre o 92 e o 96 % dos xoves españois consome pornografía, e destes, o 25 % consumiría entre 1000 e 5000 horas denantes de cumprir os 20 anos. Asemade o 90% dos vídeos que consomen son violencia real.

No tramo de idade de 12 a 15 anos o 50 % consume pornografía, e no tramo de 15 a 18 a porcentaxe aumenta ata o 70 %.

Está estudado que os mozos que consomen pornografía intentan logo levar á práctica con graves problemas de saúde. Asociado ao uso da pornografía aparecen lacras diversas como recorrer á prostitución, emprego de alcohol, tabaco e drogas. E tamén problemas emocionais e depresivos.



Como consecuencia cabe subliñar que as infeccións sexuais aumentaron en España un 243 %, segundo datos do Ministerio de Sanidade.

Nun estudio realizado polo Goberno de Baleares, no ano 2018, dise que fronte ao 90 % de mozos que ven porno, só o 15 % as nais e pais o recoñecen, o cal supón que un 85 % das familias o descoñece. Tamén se recolle neste estudio un dato demoledor: a iniciación ao sexo comeza no 20 % dos casos con porno cando os nenos só teñen oito anos de idade.

O profesor García insiste en que para facer fronte ao problema cómpre empezar por aceptar que existe una ausencia dunha educación sexual profesional e científica.

A situación que neste documento describe tendo provocado un importante debate social, de xeito que se están publicando estudos sobre o tema de gobernos autónomos (Baleares) e de organización privadas e semipúblicas, sendo de salientar que a Agencia Española de Protección de Datos (AEPD) presentou o pasado mes de decembro os primeiros estudos para poder deseñar unha ferramenta que verifique de xeito efectivo a idade das e dos consumidores de porno. Ferramenta que agardan presentar no próximo verán. No mesmo sentido o Goberno Central tense comprometido a desenvolver, buscando máis efectividade a Lei Orgánica da Protección Integral á Infancia e a Adolescencia (Lopivi), e presentou estes días, pendente de ser aprobada polo Consello de Ministros o chamado “Informe sobre protección integral de menores fronte á pornografía en Internet.

TEXTO:

Diante disto, o CEMV, en primeira instancia, desde os ámbitos educativo e escolar, solicita que se dote dos medios e recursos para que os centros escolares poidan desenvolver unha educación sexual e afectivo emocional imprescindible nunha formación integral de calidade.

Así mesmo este CEMV fai un chamamento ao Goberno do Estado para que os seus proxectos se poñan en funcionamento o mais axiña diante dos datos verdadeiramente alarmantes que os estudos realizados presentan sobre a lacra da pornografía infantil e xuvenil.

Simultaneamente, descoñecemos que haxa estudos sobre o tema na nosa Comunidade Autónoma e instamos á Xunta de Galicia a que se posicione e tome medidas sobre o tema. E temos que volver a recordar, como xa se ten indicado en mocións anteriores, que o CONSELLO GALEGO DA CONVIVENCIA debería ter un papel importantísimo na loita contra esta lacra, á que hai que facerlle fronte, porque os datos nos din que aumenta curso a curso.

Antonio Vázquez di que o que se di nesta moción se resume perfectamente nunha frase que publica hoxe un periódico galego de Auxiliadora Díaz, Xuíza de violencia de xénero nas Palmas de Gran Canaria, que é especialista en estes temas, e que di textualmente: “La pornografía no es fantasía es una escuela de violencia”.



Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre o uso da pornografía entre os menores.

3.5.-Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre o uso das pantallas.

ANTECEDENTES

Segundo o Instituto Nacional de Estadística (INE), o 94 % das nenas e menos de 13 anos dispón de móbiles para o seu entretemento persoal. En Galicia as nenas e os menos de idades comprendidas entre 10 e 15 anos aproxímanse aos 100.000, superando xa os 98.000 (sería o 70,6 % do total)

Segundo os últimos datos do Instituto Nacional de Estadística (INE), en España sete de cada 10 menores entre 10 e 15 anos teñen móbil. A idade do primeiro acceso sitúase xa nos sete anos, e internet é utilizado polo 95,1% dos que teñen entre 10 e 15 anos. Nunha enquisa de hábitos de saúde en alumnado de 4º de ESO da provincia de Barcelona levada a cabo a 24.000 mozos, un 45% dos que teñen entre 15 e 16 anos admite que pasa máis tempo navegando co móbil que cos amigos.

Segundo o último informe GEM 2023 da Unesco, desde 2010 duplicouse o tempo diario que os adolescentes pasan conectados en España, Francia e Italia: os que teñen entre 15 e 16 anos dedican dúas horas e media, mentres que os menores de entre 12 e 14 anos destinan tres horas e 12 minutos. O documento sinala que un consumo superior a dúas horas ao día está relacionado coa aparición de síntomas depresivos, peor rendemento académico, e maior sedentarismo.

Save the Children publicou fai uns anos un alarmante documento sobre a idade cada vez máis temperá na que nenos e adolescentes empezaban a ver porno nos dispositivos dixitais. Mentres a Fundación Anar advertiu sobre o aumento dos casos de acoso escolar a través dos móbiles.

Ao que habería que engadir outros estudos que poñen de relevo a preocupación polas taxas de intento de suicidio entre a mocidade e polos crecentes problemas de saúde mental ligados ao uso inadecuado da tecnoloxía.

Diante de todos estes datos e outros que se poderían engadir, o debate social está servido.

Así:

Víctor F. FREIXANES (VdeG. Do 10.12.23). “A responsabilidade dos pais e das nais é un feito obxectivo. Isto non exime de actuacións administrativas nin de responsabilidades políticas, mais de pouco serve predicar a lingua se logo o mesmo profesor ou profesora cambia de rexistro. Pois o mesmo sucede cos móbiles... Sen o exemplo (e a coherencia) dos adultos pouco imos facer”.

“Como convencer a nais e pais para que non dean un móbil á rapazada antes do razoábel? A resposta é tan fácil coma impopular entre mandatarios: educando, educando e educando, pero para iso hai que investir, investir e investir recursos” (Inma LOPEZ SILVA. Prohibido o móbil. VdeG. 2.01.2024).

Moitos profesionais concordan en que prohibir por prohibir non vai ser a solución. Os responsables educativos terán, posiblemente, a obriga de facelo, pero de pouco ou nada vai



servir sen o apoio das nais e dos pais e da comunidade docente; é dicir, sen o compromiso das familias e das e dos formadores. Parece evidente que non parece lóxico culpabilizar á tecnoloxía de todos os males. Máis ben habería que buscar nas nosas malas xestións tecnolóxicas, que nos illan e empobrecen, as causas do progresivo deterioro da situación

O Presidente de Confapa Galicia cuestiona que se opte pola vía de prohibir, que ve unha medida “absurda e ineficaz”, e que suporía “un síntoma mais do abandono do ensino no ámbito das tecnoloxías”. Considera que a competencia tecnolóxica é “básica e, incluso, debería ter una materia específica” e que debe “tratarse o uso e o traballo cos móbiles igual ca una materia troncal”.

O día 8 de decembro de 2023 o Presidente Rueda anuncia, tras un Consello da Xunta, a decisión de prohibir nos centros educativos públicos e concertados, e a partir do 7 de xaneiro de 2024 a utilización dos móbiles alegando a necesidade de fomentar o uso responsable das novas tecnoloxías e de “mellorar a convivencia”. Engadiu que negociará con profesores e con pais se a decisión afecta tamén ao alumnado de 16 a 18 anos. O Conselleiro cualificou a decisión de “pioneira”, sen explicar se se consensuou ou se vai a procurar consensuar coa Comunidade Educativa.

Carissa Véliz, investigadora da Universidad de Oxford e autora de Privacidad es poder (Debate), cre que a prioridade dos gobernos debe ser velar pola privacidade dos menores. “O maior problema que temos é o roubo de datos persoais e a vixilancia excesiva das plataformas online, tanto con adultos como con menores... O feito de que as redes sociais sexan tan aditivas ten aí a súa razón de ser, canto máis se “engancha” a xente, mais pegada deixa de datos persoais coa súa actividade online”.

A Axencia Española de Protección de Datos anunciou que está traballando xunto á Fábrica Nacional de Moneda e Timbre —entidade que expide, por exemplo, a certificación de sinatura electrónica— no deseño dunha nova ferramenta “efectiva” de verificación da idade en resposta á negativa das plataformas online, que se escudan en que tecnicamente non é viable unha solución dese tipo sen invadir a privacidade dos usuarios ao acumular e procesar datos persoais, como os relativos a idade.

TEXTO:

No CEMV consideramos, desde a maior ou menor experiencia que teñen os seus membros, que as prohibición, en moitas ocasións non solucionan os problemas, se non que, en algunhas ocasión, os dificultan e os enconan. E fronte a isto, consideramos que o camiño a seguir é o de EDUCAR; por iso, instamos á Consellería de Educación a que abra un debate sobre a problemática das pantallas nos centros educativos e que se escoite a todas e todos os sectores que están concernidos no feito educativo. Volvemos a lembrar que sendo un tema capital para a boa convivencia nos centros sería importante que se ampliase o papel do Consello Galego da Convivencia; órgano consultivo que quizais, nalgún momento, chegue a hora de descentralizar para achegarse aos “lugares” nos que A CONVIVENCIA É FUNDAMENTAL: OS CENTROS EDUCATIVOS.



Santiago Rodríguez comenta que cando desde a Consellería entra en vigor en xaneiro a prohibición do uso do móbil nos centros xa, desde os centros e durante anos atrás, se tiñan tomado decisións, cada un co seu criterio, os criterios dos consellos escolares e das direccións. Como pasa tantísimas veces chegan as cousas, tarde e a deshora. Juan Ramón Castro comenta que aínda así, e polo menos no centro que el dirixe, se mellorou moito desde a prohibición. E conste que el está máis co que se expón na moción, fai falla un debate, pero agora esta medida urxente, que se tomou á presa porque a Administración parece que nunca escoita aos docentes, está sendo positiva. Antonio Vázquez espera que ogallá a medida funcione pero que efectivamente se van a dar conflitos e problemas. Porque faltou un debate profundo, non se escoitou, non se foi á raíz do problema. Pero iso pasa con todo, desde os centros avísase de tódolos problemas que van xurdindo e a Administración non parece escoitar, non se actúa ata que o problema estalla. E isto pasa con todo, co uso das pantallas, coa pornografía, co suicidio,... Joel Covelo comenta que eles desde o punto de vista do alumnado ven que hai moita preocupación entre o profesorado co tema do uso dos móbiles na aula, que están bastante inquietos por que pensan que o alumnado non vai a acatar a norma e eles vanse ver na obriga de facela cumprir, o que vai dar pé a conflitos.

Olga Alonso di que xa era difícil tomar a decisión de prohibir móbiles cando a decisión partía do Centro ou dun profesor, pero que agora que hai unha norma, tamén se plantexan conflitos e iso é por non ter feito as cousas a tempo, o problema foi medrando e agora é complexo solucionalo. Juan Ramón Castro comenta que para el o máis triste é que esta lei, o protexe das familias, non dos rapaces, porque ten tido conflitos con algunhas familias porque non queren que se lle quite o teléfono aos seus fillos. Bertila Fernández comenta que hai que facer un debate sobre o papel das familias, pero non poden verse como inimigos, si é certo que as familias teñen que formarse, hai que darlles ferramentas, porque nalgúns casos non se teñen, pero ten que desaparecer o discurso de que as familias son o problema e hai que traballar conxuntamente e sabendo que formamos parte da comunidade educativa.

Olga Alonso con referencia ao que di Bertila cree que as familias teñen que ocupar e ocupan a través das ANPAS un papel primordial. Di que antes por exemplo as que mellor funcionaban eran as do centros de infantil e primaria, pero que en secundaria non había moita participación. Pero agora que esas ANPAS que estiveron en primaria chegaron a secundaria, comezaron a traballar na mesma liña, e agora xa hai moitos centros de secundaria con ANPAS. Bertila Fernández pensa que se conseguiu moito, se logrou moito, e aínda que en primaria parece que as ANPAS seguen sendo só xestores de servizos, en secundaria, con todas estas problemáticas que se están a falar, as ANPAS tomaron conciencia de que hai algo que facer e estase traballando ben.

Yolanda González comenta que eles como ANPA non se encargan de comedores, nin de xestión de servizos, e que se centran máis en facer actividades, formacións,... pero que ogallá como ANPA puideran facer algo máis polas familias, porque eles detectan por parte das familias que hai un cambio, con respecto a épocas anteriores, e que a convivencia non está sendo moi fácil. Os profesores quéixanse cada vez máis do trato de moitas familias, e o pero é



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 17 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que en moitos casos teñen razón. Di que organizan charlas para falar de convivencia pero que acoden a elas as familias que menos o precisan. Din que realmente están preocupados porque son conscientes do problema pero non saben como solucionalo. Antonio Vázquez di que a solución está clara e é por en valor á escola, por en valor ao profesorado, pero facelo frontalmente desde o poder político, e con claridade. E cando di poñer en valor a escola, tamén está incluíndo ás familias. O poder político ten que facilitar e potenciar a participación dos pais na escola, que concilie para que permita que iso se poida dar. A escola como unha unidade, como unha comunidade de intereses onde hai un ser que é o alumno, que acude aos centros para aprender e para contribuír a que sexa un ser social. E que mentres isto non se potencie as cousas non irán ben.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre o uso das pantallas.

3.6.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación e mapa escolar de Vigo.

ANTECEDENTES

O pasado 30 de novembro celebrábase o último Pleno do CEMV, no cal a Concelleira de Educación nos comunicaba o acordo entre a Xunta de Galicia e Concello de Vigo para unha próxima sinatura do convenio entre as dúas institución que “desatascaría” o proceso que deberá rematar coa apertura do novo IES en Navia.

Pois ben, 48 horas despois, o sábado 2 de decembro a prensa local, é de supor por unha información que nace na propia Xunta informa: “La zonificación en stan-by. Hasta que arranque la construcción y funcionamiento del IES de Navia, la Consellería mantendrá parado la renovación del mapa escolar para la organización del barrio de Coia”.

Asemade indicábase que “dende Educación se baralla que, tras a posta en funcionamento do novo IES de Navia, coa conseguinte reordenación das matrículas e espazos colindantes, habilitaríase un deles (A. Cunqueiro, A. Bóveda, Valadares ou incluso o futuro de Navia) para impartir ciclos de Formación Profesional”. Quere dicir isto que se planea facer unha nova zonificación de todo Vigo ou só de Coia-Navia?

O domingo 21 de xaneiro un diario local facíase eco de que a construción do IES de Navia estaba en fase de “proxecto” e que no futuro centro se ían impartir os niveis de ESO e Bacharelato.

TEXTO:

O CEMV considera que se deben iniciar os traballos para a elaboración dunha nova zonificación e incluso dun mapa escolar de todas as ensinanzas para toda a cidade de Vigo. Parecería lóxico que o proceso para a aprobación dunha nova zonificación / novo mapa escolar



se realizase ao longo do ano 2024, a fin de tela aprobada a principios de 2025 e que puidera aplicarse no curso 25-26, independentemente de que o IES de Navia entre en funcionamento, quizais no curso 26-27.

Así mesmo solicitamos que se reconsidere os niveis educativos a impartir en Navia e se engada o nivel de Formación Profesional. Parece máis acaído aumentar as aulas do centro que remodelar outros centros (Alexandre Bóveda, Álvaro Cunqueiro, ou calquera outro) para que podían impartir F.P.

Antonio Vázquez comenta que nesa noticia dicía que se ía estudar a posibilidade de, nestes centros que agora teñen bachelato, meter formación profesional, pero iso supón obras importantes. O máis lóxico sería, se se quere abrir aulas de FP aproveitar que se vai facer un novo centro e non andar facendo e refacendo uns que xa están en funcionamento. Seguro que iso é moito máis caro e inoperativo.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a zonificación e mapa escolar de Vigo.

3.7.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a FP; Ciclos Formativos e FP Dual.

ANTECEDENTES

Estase a producir nos últimos tempos a demanda, que cada vez aumenta mais, por parte de diversos países europeos, (especialmente Alemaña, Dinamarca, Holanda, Francia e Bélxica) e de xeito especial nas especialidades de Fabricación Mecánica, Electrónica e Informática. Sitúanse, a continuación, as especialidades auxiliares de enfermería e educación infantil. Este proceso débese a unha falta de profesionais cualificados e, segundo algunhas empresas, o importante grao de especialización que aportan os graos superiores españois, que non se dá na formación de outros países. Esta oferta está sendo atendida por moitos mozos e mozas xa que as condicións contractuais son moi boas e os salarios están oscilando entre 3.000€ e 3.800 € mensuais.

En 2021 marcharon de España 381.000 persoas “con alta cualificación académica en formación profesional”; en 2022 foron 426.000. Algo máis da metade atoparon traballo en países da Unión Europea; case que todos os demais teñen emigrado a Estados Unidos. “Son mais de mil persoas saíndo cada día”. (Andreu MISSÉ.)

Como relata o escritor Antonio MUÑOZ MOLINA (“Una diáspora Imposible”, artigo publicado no periódico El País o 30/12/23) saíron para facer unha maestría ou un doutorado, e xa non volveron; e non por decisión propia” “Para un científico, un profesional moi cualificado, un especialista universitario en Humanidades, irse de España é bastante fácil. O difícil, o imposible con frecuencia, é volver. Moitos mozos teñen acadado unha formación de



tal calidade que os capacita para ocupar postos nas empresas ou nas universidades máis exixentes doutros países, pero non nas do seu, que lles costeou a súa educación pero no lles ofrece nin tan sequera a posibilidade dunha vivenda digna.”

Este aspecto que se debe subliñar porque certifica o bo nivel da formación española en España, propón, non obstante, aspectos que nos deberían levar a unha seria reflexión; primeiro, porque se supón que alumnado formado no país e por tanto que representa unha importante inversión en capital humano se pode perder para a capitalización humana de moitas das nosas empresas; en segundo lugar, porque a existencia de alumnado con boa formación non concorda con certas “queixas” de determinados empresarios que afirman non ter man de obra suficientemente cualificada para a súas empresas; e en terceiro lugar, con unha Europa con problemas demográficos serios e unha España con baixos salarios as posibilidades de que moito alumnado de formación profesional capacitado busque novos horizontes de emprego pode converterse nun verdadeiro problema para economía do país.

Por outra banda, no pasado mes de febreiro coñecéronse os datos de matrícula na F.P. Dual en Vigo. Con datos que deixan moito que desexar. Ofertáronse 14 ciclos, dos que só se encheron 4, con 310 prazas e, sendo as prazas cubertas 260. Asemade quedaron sen praza 15 alumnos que optaban a algún dos 4 ciclos que se encheron.

Parece claro que a F.P. Dual aínda ten moito camiño por percorrer. Sería desexable realizar unha avaliación sistemática das causas polas que, ano tras ano, un número significativo de prazas quedan sen cubrir.

Finalmente, conviría que a Consellería de Educación publícase os datos de matrícula daqueles ciclos que ata o curso 2022-23 se impartían presencialmente e que pasaron ciclos cursados a distancia: Quizais non se debería abusar da substitución de ciclos presenciais por ciclos a distancia, máxime se temos en conta que nas probas do PISA o alumnado non se mostra moi partidario das ensinanzas non presenciais.

Segundo os últimos datos publicados (decembro de 2023) polo Instituto Nacional de Estadística (INE), entre xullo e setembro foron 160.000 os postos de traballo sen cobertura, concretamente 155.797 no conxunto de España, o que supón a maior cifra dende que no 2013 comezaron a contabilizarse e un 8,28 % máis que no mesmo período del 2022. En termos intertrimestrales tamén se rexistrou un alza do 5,2 % respecto ao segundo trimestre deste ano.

Por sectores, o de servizos é o que maior volume de vacantes acumula, máis do 90 %, seguido polo 5,8 % da industria e o 4 % da agricultura. A distribución das vacantes de emprego é homoxénea. Así, as comunidades con maior poboación e actividade económica absorben o maior volume de traballos sin candidatos. É o caso de Madrid, con 33.656 vacantes (o 21,6 % do total), Cataluña, con outras 31.242 (el 20,1 %) e Andalucía, con 22.425 (el 14,4 %).

No caso de Galicia, os 6.150 postos vacantes rexistrados no terceiro trimestre supón o 4 % do



total do país, porcentaxe similar ao de Canarias ou País Vasco.

Insistindo nesta problemática, as estatísticas do BANCO DE ESPAÑA elevan ata ó 42 % as empresas con postos vacantes nas súas plantillas de traballadores/as.

Por último salientar os datos que recentemente se publicaban na prensa, a FP de grado básico e medio rexistran taxas de abandono a nivel estatal do 49,6% e do 35,7% respectivamente.

TEXTO:

Unha vez mais, o CEMV chama a necesidade de ampliar significativamente a oferta de Ciclos Formativos de Formación Profesional en Galicia, e de xeito específico en Vigo e na súa área metropolitana, e de xeito preferente na rede pública, máxime cando o incremento de prazas no ensino privado concertado aumentou nun 60%. Así mesmo, deberíanse ter en conta as necesidades e posibilidades das Empresas co obxectivo de que a oferta de formación e a demanda de postos de traballo se achegasen. Asemade a oferta de ciclos formativos na modalidade de distancia en ningún caso deberían supor a redución da oferta de ciclos da modalidade presencial.

Por último, instamos á Consellería a que, en previsión da nova Lei de FP, se faga unha aplicación da norma o máis clara e eficiente posible.

Antonio Vázquez pon o exemplo de sectores como a hostaleira onde se necesita moita máis xente para traballar en Vigo. No centro Manuel Antonio onde se imparte hostaleira, ofértanse 22 prazas. O ano pasado houbo 80 preinscricións. Claro, non hai xente que consiga formarse porque non hai oferta, pero a demanda para estudar está aí.

Yolanda Benito comenta que desde a parte de sector de ensino concertado, quere recalcar que apoian totalmente todas as propostas de ensino público, pero que se pide o mesmo respecto para o ensino concertado. Di que ela estivo presente na comisión de concertos que se celebrou fai 15 días aproximadamente, onde se solicitaba por parte dos centros a ampliación das unidades de FP que se consideraban, e o criterio da Consellería, sempre é que si hai prazas das mesmas titulacións en ensino público, se rexeitan as solicitudes de ensino concertado. Co cal ao mellor a reorganización ten que facerse realmente no ensino público, sen que iso implique sempre ir contra o ensino concertado, onde, como todos saben, a liberdade dos pais á hora de elixir o tipo de ensino que queren para os seus fillos ten que respectarse. E por iso non poden apoiar unha moción onde se van contra o ensino concertado coma sempre. Santiago Rodríguez comenta que non vai en contra do ensino concertado, senón que se vai en defensa do ensino público. Antonio Vázquez, no mesmo sentido, di que só se explica na moción que se aumentou un 60% nas prazas da privada concertada, e que este é un dato que dá a propia Consellería. Hai 12 anos que non se fai un centro público de FP en Vigo, o cal non ten ningún sentido. Yolanda Benito considera que teñen razón en que é necesario que se faga unha redistribución de prazas na pública, que iso é o que hai que esixir, pero non por iso hai que ir contra o ensino



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 21 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concertado, contra as solicitudes que os centros de ensino concertado fan, e neste caso, de unidades ou ciclos de Formación Profesional. Antonio recalca que a moción di textualmente que “unha vez máis o Consello Escolar Municipal de Vigo chama á necesidade de ampliar significativamente a oferta de ciclos formativos de Formación profesional en Galicia e de xeito específico en Vigo”, pero non fala nada en contra do ensino concertado. Yolanda Benito comenta que ela se refire á seguinte frase que di “e de xeito preferente na rede pública, máxime cando o incremento de prazas no ensino privado concertado aumentou nun 60%” Santiago Rodríguez di que en todo caso iso non é un ataque, o sentido da frase é: Como non se vai ampliar a oferta de FP nos centros públicos se se ampliou nun 60% no ensino concertado?

Antonio Vázquez recalca que el nas súas mocións sempre fala da defensa do ensino público, pero non ataca ao ensino privado concertado. Di que nese día por exemplo sae unha nova no Faro de Vigo onde vén a dicir que a Privada concertada de Galicia empezará a aceptar alumnado con necesidades educativas especiais, que ata hora non aceptaba, porque necesita manter a oferta por perigo de que algúns centros desapareza. Yolanda Benito di que iso é unha nova manipulada. Explica que os Inspectores de educación están levando moitísimos menos con necesidades educativas especiais aos centros concertados e privados, porque a atención é distinta, sen contar con coidadores, sen contar con orientación na etapa de infantil e primaria, coas dificultades que está supoñendo para moitos centros o poder tratar estes nenos. A realidade moitas veces non é a que se conta nos medios de comunicación. Olga Alonso di que esa información foi proporcionada pola Administración aos medios de comunicación.

En todo caso, e volvendo á moción, a Presidenta coméntalles que aínda que sintan que é un ataque ao ensino privado concertado, non está feito co sentido de atacar, o que se pon de manifesto é primeiro a falta de prazas de FP e despois a falta de adecuación da oferta de FP á demanda que se precisa, iso é o que se pon aí de manifesto. Yolanda Benito insiste en que iso se pode pedir igualmente sen facer referencia a que no ensino privado concertado houbo ou non un aumento de prazas, é un dato que non ten relevancia. Santiago Rodríguez di que si é un dato relevante cando un está pedindo para unha parte algo e non se consegue, pero á outra parte si se lle dá. Antonio Vázquez, na mesma liña, comenta que si se aumenta un 60% de prazas na concertada, ao mesmo tempo hai que aumentalas na pública. E iso é o que se pide, non se lle está quitando á concertada. Simplemente se di que nos últimos anos, mentres a oferta na pública non aumentou, na privada aumentou aumentou un 60%, non é ningún ataque. Yolanda González explica que ela é representante de SURGAPA, de ANPAS da concertada e comenta que cando entrou no CEMV se acorda de que en moitas mocións onde se falaba de público se corrixiu para por sostido con fondos públicos. Di que despois de anos formando parte deste órgano ten que dicir que se non fose polos representantes do ensino público, o Consello non existiría porque ao ensino concertado non está nada implicado na participación, na defensa do ensino. Quen fai as mocións e traballa máis son as persoas que están na pública. Pensa que se ela, que é unha nai, está sacando o seu tempo para asistir sempre que pode, un docente tería que participar máis activamente, porque ten máis implicacións. Ao longo dos anos ve como os compañeiros da pública, cos que ten unha excelente relación, son os que máis levan traballando



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 22 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pola defensa dos nenos e nenas desta cidade. E pode parecer que nas mocións se fala do ensino público pero é porque quen leva o traballo de facer as mocións son Bertila de Foanpas, Antonio, Santi,... Pero sempre se fala da defensa dos nenos e nenas.

Olga Alonso di que efectivamente o beneficio de que saian as mocións adiante é para todos e todas, e aínda que a moción parta de quen parta, aquí sempre se intenta ser escrupuloso cando se escollen as palabras, porque a intención é que se acade o maior consenso.

Acordo

Apróbase por maioría de votos (9 a favor e 2 abstencións) a moción sobre a FP; Ciclos Formativos e FP Dual.

3.8.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o informe PISA.

ANTECEDENTES

Puntuación do alumnado galego:

	Puntuación	posto	Media Española	Media OCDE	Media UE	1º Posto	Último posto
MATEMÁTICAS	486	8º	473	472	474	Castela León 499	Ceuta 395
CIENCIAS	506	1º con C.L.	485	485	484		Ceuta 410
LECTURA	485	7º	474	476	475	Castela León 498	Ceuta 404

Na comparativa co PISA anterior, Galicia baixa 4 puntos en ciencias, 9 en lectura e 12 en matemáticas.

Galicia:

- 75 % do alumnado aproba ao profesorado.
- 19,2 do alumnado considera que a falta de profesorado obstaculiza a súa aprendizaxe.
- 1/3 do alumnado asegura “non ter ningunha ou pouca confianza na utilización de plataformas educativas de aprendizaxe ou no uso de videoconferencias”.

PISA tamén mide o sentimento de pertenza ao centro educativo, un concepto polo que a OCDE entende a escola como comunidade e centro de aprendizaxe. E neste apartado Galicia ocupa o cuarto lugar pola cola adiantando só a Cataluña, Canarias e Murcia. Neste apartado cabe salientar: un 21 % do total entende que non cae ben aos seus compañeiros (dato mais elevado



do Estado), un 14,5 % asegura non sentirse integrado no seu centro, e un 13 % proclama que se sinte só.

En canto á equidade (menor diferenza co alumnado máis desfavorecido) Galicia sitúase no 2º posto tras Cantabria.

España:

--A distracción supón perder a metade dos coñecementos dun curso en matemáticas.

O Presidente da Federación Española de Sociedades de Profesores de matemática (por certo, profesor nun centro galego de Secundaria) opina que os resultados son “esperables” pola emerxencia sanitaria e propón actuar sobre: o número de alumnos por aula, a carga burocrática nos centros e o disparate de contar con seis leis de educación en so trinta anos. Asemade, engade que “o cambio na dinámica da aula desde os desdobres polo Covid ao que viu despois foi tremendo”. E insiste que os “remedios teñen que vir das autoridades, e non dos docentes”.

A nivel estatal as tres CCAA que obteñen uns resultados mais alto son Castela León, Asturias e Cantabria. As tres se sitúan 20 puntos por riba da media española, o que supón medio curso académico de diferenza. Como explicar esta diferenza?. Segundo os especialistas as causas pódense atopar en: 1.- unha ampla conciencia social sobre a importancia da educación e unhas elevadas expectativas familiares, reforzadas pola escaseza de alternativas laborais pouco cualificadas (turismo, hostalaría), que existen noutras comunidades; 2.- unha inversión pública por alumnos superior ao promedio autonómico; 3.- un importante peso da ensinanza pública e da escola rural (os colexios rurais asturianos mantéñense abertos con tres alumnas/os) e, como consecuencia, una ratio de alumnado por clase inferior á media do país; e 4.- pouco alumando inmigrante (PISA estima que os estudantes inmigrantes obteñen en España de media 33 puntos menos que os autóctonos.

“Son numerosos os estudos que amosan que cando este alumnado pasa máis tempo no centro suben as taxas de graduación, mellora a súa aprendizaxe e outros indicadores sociais e conductuais. Noutras palabras, investir máis en recursos humanos e na súa preparación, para garantir unha educación presencial o maior tempo posible, é o mellor camiño para reverter esta tendencia que ispe o noso ensino”. (Juan Carlos VARELA VÁZQUEZ, Inspector Galego de Educación, Voz de Galicia, 12.12.2023)

Miquel Àngel Alegre (Barcelona, 48 años) é sociólogo e responsable de proxectos de política educativa da Fundació Bofill: “a educación ten sufrido unha infrafinanciación crónica, a escola afronta cada vez máis retos de aprendizaxe e necesita unha política forte e estable de compensación das desigualdades, mantemos unha inspección educativa e de servizos externos ao centro igual que a de fai 25 anos; ademais, a escola afronta cada vez máis retos de aprendizaxe de calquera competencia polo desfase que se vai abrindo entre o tipo de cousas que o alumnado aprende dentro e fóra dela”.



Cómpre poñer en valor as clases presenciais e revisar e potenciar o papel das e dos docentes nelas para potenciar a aprendizaxe.

Malia aos intentos de algúns, carece de sentido achacar o resultado de España a actual lei educativa, la Lomloe, nin o enfoque da aprendizaxe por competencias que contén. Primeiro, porque as probas se realizaron na primavera de 2022, cando os currículos da Lomloe aínda non se implantaran en 4º da ESO, curso que cursaban a gran maioría de estudantes que participaron. De feito, si se quixera buscar unha relación entre lei educativa e os resultados de PISA, a conclusión sería diferente. Nas dúas últimas edicións das probas, a de 2018 e a de 2022, nas que España experimentou descensos no rendemento educativo, tiveron lugar con alumnado formado baixo a aplicación da Lomce.

Os resultados educativos son sempre produto de múltiples factores, e resulta moi difícil discernir en que medida inflúe cada un deles, malia aos intentos que se realiza no eido da investigación educativa. Si se sabe, por outra banda, que o que máis inflúe é o nivel socioeconómico e cultural do fogar no que crecen os nenos e adolescentes, o capital cultural e as expectativas educativas que reciben das súas familias. E por iso, como ten escrito Xavier BONALI catedrático da Universidade Autónoma de Barcelona: “probablemente nos equivocaremos se pensamos que a mellora virá exclusivamente pola vía das políticas educativas”; “se seguimos centrándonos no educativo e non no social, seguiremos estancados no que David Tyack y Larry Cuban sinalaron sobre un século de reformas educativas sistémicas nos EE UU, que non conseguiron modificar sustancialmente as cifras do fracaso escolar”.

PISA é útil. Pero para España aínda resultaría máis útil, como ten sinalado Lucas GORTAZAR, de EsadeEcPol, contar coa súa propia avaliación do sistema educativo, como fan outros países do seu entorno e algunhas comunidades autónomas. Unhas probas adaptadas especificamente ao contexto español (e/ou autonómico) e que non estean situadas ao remate da educación obrigatoria, cando xa pouco se pode facer para mellorar o rumbo dos que saen retratados nelas, senón na metade da educación primaria e da secundaria, cando autoridades educativas, centros, familias e os mesmos estudantes estean a tempo de facer cambios que permitan aumentar o éxito educativo. Esas probas foron introducidas pola penúltima lei educativa, a LOE, deseñada por el PSOE. O PP cambiounas por unhas polémicas reválidas (ao remate da primaria e da ESO) que non se chegaron a aplicar. A Lomloe recuperounas e o Ministerio de Educación está elaborándoas.

TEXTO:

Este CEMV quere facer un chamamento para que se faga un estudo a fondo de todas as derivadas que os resultados das probas de PISA por parte da Consellería de Educación, e, logo, se implanten as medidas que permitan unha mellora do nivel educativo do estudantado galego. Entre esas medidas na opinión deste Consello deberían estar:

- Aumento do financiamento dos centros e de todo o sistema educativo.
- Aumentar a autonomía pedagóxica dos centros.
- Coeducación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 25 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Desdobres.
- Potenciación efectiva dos reforzos educativos
- Rebaixa inmediata da xornada de docencia directo do profesorado.
- Rebaixar a ratio alumnado por aula na vindeira lexislatura (2024-28), antes do 2028 se fose posible, en todos os niveis da ensinanza non universitaria.

Antonio Vázquez comenta que nesa mesma semana saíu no Faro de Vigo, unha gráfica cos datos da preinscrición en centros de ensino público de secundaria. Explica que nesa gráfica faltaban 3 centros pero que aínda así, os datos din que en 1º da ESO hai neste momento 100 prazas sen cubrir. Só en 1º da ESO. Sen contar que dous dos centros que faltan son centros que normalmente teñen entre 25 e 30 prazas libres cada ano. Un é o IES de Teis, que lle consta que teñen 40 prazas sen cubrir, aínda que acabarán sendo 10 prazas, porque se lle vai a suprimir unha unidade seguro. E o IES da guía que ten a mesma historia. Se se vai ao 1º de bacharelato de ciencias aí suman cerca de 150 prazas sen cubrir, e no Bacharelato de letras outras tantas. Os datos globais que dan son 317 vacantes na ESO, en toda a ESO e 746 vacantes en bacharelato, un total de 1.063. A relación que teñen estes datos coa moción presentada é que estes datos, segundo a súa análise amosan claramente que é factible unha redución de ratio e sería fácil unha redución da xornada docente do profesorado. Non hai tantos problemas para facelo como se quere dicir, e incluso daría tamén lugar, un pouco indo á moción anterior, a que nalgúns centros ao mellor se podían acondicionar máis espazos para FP sen necesidade de suprimir aulas de ESO e bacharelato. E isto só fixándose no ano próximo, xa non digamos se entramos a valorar datos do deserto demográfico que nos espera en anos vindeiros, porque a demografía é a que é. É certo, continúa Antonio, que iso non quere dicir nada, porque nun determinado momento pode ver unha avalancha de inmigrantes ou unha política migratoria distinta e cambiar. Pero neste momento a Consellería podería poñer en práctica medidas das que aquí levamos propoñendo nos últimos anos sen moita dificultade e ademais tamén isto tamén enlaza a moción de Navia. Isto é un exemplo máis de porque hai que facer unha nova zonificación educativa, vanse a quedar algúns centros con dúas unidades de 1º da ESO onde vai haber 14 ou 15 alumnos ou menos e ao lado hai outros con 30 e pico alumnos, algo non está funcionando.

Acordo
Apróbase por unanimidade a moción sobre o informe PISA.

3.9.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre propostas para a mellora do sistema educativo.

ANTECEDENTES

Como cada ano, o Ministerio de Educación e Deporte publicou o INFORME DE 2023 SOBRE O SISTEMA EDUCATIVO, referido o curso 2022-23 e que elabora con carácter anual o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 26 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Consello Escolar. Pois ben, sendo este un informe detallado e concienciado das fortalezas e das fraquezas do noso Sistema Educativo a nivel, ten especialmente interese, sen que iso supoña un menosprezo do resto do informe, o capítulo F de Propostas de Mellora, que se inclúe ao remate desta moción como arquivo adxunto.

Dunha rápida consulta do documento que se anexa é fácil deducir que nunha moción como esta non sería lóxico realizar una análise en profundidade de todas as medidas que se recollen no referido documento. Pero si nos imos a deter na medida 2.11 do documento que fai referencia a solicitude de ampliar a oferta en Educación Infantil. Pois ben, consideramos que neste punto concreto e cinguíndonos ao caso galego, sería máis que pertinente deseñar un modelo semellante ao que se está apiques de aprobar en Asturias que pretende implementar unha rede autonómica de escolas infantís e que se inicia coa construción (con cartos do Mecanismo de Recuperación e Resilencia. MRR) de 30 novas escolas. Entre os obxectivos que o goberno asturiano se propón existen varios que están en consonancia coas necesidades galegas: conciliación laboral e escolar, a problemática demográfica, potenciación das escolas rurais, etc.

TEXTO:

Diante do interese que presentan estas propostas de mellora, o CEMV insta á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Ordenación Universitaria a ter presente o referido documento á hora de elaborar as distintas planificacións de actuación. E, especialmente, a creación dunha verdadeira Rede Galega de Escolas Infantís.

Inclúe Anexo. Capítulo F do “Informe 2023 sobre el estado del sistema educativo” do Consello Escolar do Estado.

Acordo
Apróbase por unanimidade a moción sobre propostas para a mellora do sistema educativo.

3.10.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as competencias en materia de ensino.

ANTECEDENTES

A Constitución española de 1978 establece un modelo de Estado descentralizado, baseado na autonomía das comunidades autónomas. O Título VIII da Constitución establece o marco para a creación e o funcionamento das comunidades autónomas, outorgándolles competencias legislativas e executivas en diversas materias, entre elas as de Educación. Asemade, a Administración Pública actúa de acordo cos principios de descentralización, desconcentración e coordinación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 27 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A descentralización política-administrativa en España refírese ao traslado de competencias da administración central do Estado ás comunidades autónomas e entidades locais, outorgándolles autonomía política financeira. Este proceso, establecido na C.E.de 1978 deu lugar a un modelo de Estado descentralizado, no que as comunidades autónomas teñen competencias lexislativas e executivas en diversas materias, incluída a Educación.

Seguindo a Carles VIVER PI-SUNYER, catedrático de Dereito Constitucional e exvicepresidente do Tribunal Constitucional, o artigo 137 da Constitución sinala que “o Estado organizase territorialmente en concellos, en provincias e en Comunidades Autónomas”, ás que no artigo 2 se lles “recoñece e garante o dereito á autonomía”. De aí deriva, segundo o propio profesor, que o principio de competencia está por riba do principio de xerarquía, de xeito que “se unha determinada materia corresponde en exclusiva a unha Comunidade Autónoma, unha simple Orde de dita Comunidade “prevalecerá sobre una lei das Cortes. En definitiva no caso de conflito entre normas ou organismos (Estado, CCAA, Concellos) non debe dilucidarse cal deles e o superior xerárquico, senón que debe comprobarse a cal deles corresponde a competencia sobre a materia en litixio”.

No caso galego, a transferencia da educación do Estado á Comunidade Autónoma galega foi realizado mediante o Real decreto 1763/1982 de 24 de xullo (BOE 31.07.1982) sobre “traspaso de función e servizo da Administración do Estado á C.A. de Galicia en materia de Educación”, que no seu artigo catro, letra “p” recóllense como competencias transferidas ás relativas a transporte escolar, comedores, entre outras.

Por outra banda, as competencias da Xunta de Galicia no eido da Educación aparecen recollidas no artigo 31 do Estatuto de Galicia. Que di textualmente: É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

Doutra banda, no artigo 36 do referido Estatuto de Galicia indícase textualmente:

1. A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Estado a transferencia ou delegación de competencias non asumidas neste Estatuto. 2. Correspóndelle ao Parlamento de Galicia a competencia para formular as anteriores solicitudes, e para determinar o organismo da Comunidade Autónoma galega a favor do cal se deberá atribuír en cada caso a competencia transferida ou delegada.

Como proba desta descentralización de competencias, cabe citar o Decreto132/2013, do 1 de agosto Páx. 32795. Parágrafo 4º. “En efecto, a competencia da Administración da Comunidade Autónoma para a aprobación deste decreto e a regulación do servizo de comedor escolar como servizo público educativo complementario provén das súas competencias xerais en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, en que está incluída a regulación e xestión dos servizos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 28 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

educativos complementarios”

Páx. 32797. Parágrafo 5º: “A finalidade primeira perseguida desde sempre pola consellería competente en materia de educación coa xestión do servizo de comedor escolar foi dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada do tradicional asentamento poboacional en núcleos illados e diseminados, e foi concibido, polo tanto, como medio de salvar as dificultades de acceso ao ensino motivadas pola dita dispersión xeográfica, razón pola que ata de agora se concibía unido ao servizo de transporte escolar.

TEXTO:

Por todo isto, o CEMV solicita :
Que a Xunta de Galicia exerza de maneira directa as competencias que o Estatuto de Galicia lle confiren, e que no caso de que necesite conveniar con outras institución públicas (Concello, Deputación) ou entidades privadas promova os correspondentes convenios de colaboración.

Acordo
Apróbase por unanimidade a moción sobre as competencias en materia de ensino.

4.11.- Santiago Rodríguez Sánchez, conselleiro polo sector docente, CIG-E, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a mellora da oferta educativa.

ANTECEDENTES

Este Consello Escolar Municipal leva máis dunha década denunciando deficiencias e reclamando melloras que afectarían ao alumnado e aos centros deste concello, e, en grandísima medida, a todos os centros do sistema educativo. As reclamación realizadas por este Consello refírense á mellora e racionalización da oferta educativa, a un inexistente mapa escolar e á actualización das zonas de escolarización, á atención á diversidade e ás necesidades educativas e emocionais, ás ratios e recursos humanos e organizativos... En todo este tempo, e nun contexto de incremento das necesidades educativas e das afeccións emocionais, e paralelamente das esixencias ao sistema educativo, os recursos que reciben os centros son de menos do 2% do PIB. Desde que se implementaron recortes “urxentes” e drásticos en materia educativa, o goberno galego, agora en solitario, mantén todas esas medidas.
Neste panorama, a “novidade” que recibimos é o anuncio, por parte do goberno da Xunta dunha serie de medidas que:

- non afectarán a ningunha das alumnas e alumnos que actualmente cursan estudos
- reduce as ratios só en infantil e primaria progresivamente nun prazo de nove anos.
- nega a recuperación íntegra do horario lectivo do profesorado de infantil e primariaprevio ao recorte
- exclúe todas as ensinanzas de secundaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 29 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- non incrementa os recursos educativos en atención específica á diversidade
- incorpora un pequeno incremento retributivo repartido de forma desigual

TEXTO:

Diante do anuncio destas medidas, o Consello Escolar Municipal de Vigo mantén as súas reivindicacións e insta á administración educativa a:

1. Mellorar e diversificar a oferta educativa (mapa escolar e zonificación, oferta FPs, IES de Navia)
2. Mellorar a atención á diversidade (ratios, horario lectivo do profesorado, persoal específico docente e non docente)

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a mellora da oferta educativa.

5.- Rogos e preguntas.

Antonio Vázquez solicita intervir no Pleno, probablemente por última vez neste Consello para ler unha cita de Víctor Freixanes, Presidente da Real Academia e docente no seu día, que se publicou o anterior domingo, e que di textualmente: “Nunca cansarei de repetir a importancia do profesorado na construción dun país, de calquera país, a prol da modernidade e a liberdade democrática, que ha ser liberdade, crítica, consciente, informada, fundamentada nos afectos e na exemplaridade dos que, para ben e para mal, somos referentes. Nunca cansarei de loar o traballo dese profesorado activo, e non sempre suficientemente recoñecido (non falo de diñeiro, aínda que se cadra tamén), que decote traballa entregado aos nosos fillos.

Bertila Fernández quere agradecer as palabras de Antonio Vázquez en primeiro lugar. Recalca que foi un pracer traballar con el, que son moitos anos formando parte da comunidade educativa e da convivencia con el dende Foanpas, cando foi director do IES de Teis, co seu traballo nas mesas de directores, coas súas reivindicacións e a súa aportación de calidade na comunidade educativa de Vigo, neste espazo de Consello Escolar Municipal, no seu ámbito ao fronte á Dirección Xeral da FP... Que desde as súas múltiples facetas foi moito, moito o que aprendemos del, xunto cos compañeiros, polo que quere dicirlle que lle estaran agradecidos sempre porque compartir con eles unha aprendizaxe da moita calidade.

Para Bertila foi unha honra traballar aquí con todos e todas as compañeiras e compañeiros de tódolos sectores, docentes, alumnos, familias, coa compañeira que representa ás ANPAS do ensino concertado e con tódolos colectivos que están representados. A colación do debate que se abriu antes acerca do ensino concertado e o ensino público, explica que sempre traballaron cun debate sano e aséptico, deixando claro que é necesaria a convivencia entre a escola pública e escola privada concertada, tanto a nivel do estado español como de Galicia, como da cidade de Vigo. É evidente que hai que convivir co máximo respecto e sempre traballando a favor dos dereitos dos nenos e as nenas. Séntese orgullosa porque nesta andaina iso cre que se logrou. Agora a intención de cando se fan as mocións en defensa do ensino público non se poden



malinterpretar porque nós defendemos o ensino público e queremos melloras para o ensino público, porque o Estado e ás administracións educativa teñen que respectar os dereitos de dese alumnado e darlle todo o necesario para que evolucionen no ámbito educativo. Pero nunca favorecendo a uns ou a outros. Dentro de Galicia hai zona rurais por exemplo onde aos centros educativos os están machacando e nas propias cidades ao ensino público estanlle pegando moi forte. É absurdo non apostar polo ensino público e que non haxa unha inversión no ensino público. Ese é o carácter de cando se fai defensa do ensino público nas mocións. Aproveita para darlle a benvida ás persoas que se incorporaron nese día, e recálcalle que aquí non hai bandos, que non o sintan así, senón que hai un equipo de persoas que como ben di o regulamento do Consello Escolar Municipal o que teñen é que defender á nosa comunidade educativa e plantexar a tódalas administracións esas inxedanzas que temos, esa problemática que estamos a vivir profesorado, alumnado e familias. Remata dicindo novamente que foi unha honra traballar tantos anos neste órgano. Juan Ramón Castro afondando no dito por Bertila, pensa que o que se precisa é ter respecto entre ambos, ensino público e ensino concertado e as desigualdades que non existan tanto dun para outro como do outro para un, que o que teñen que facer é tender pontes e buscar mexos de unión que os hai, e moitos.

Olga Alonso, dado que este último Pleno, quere aproveitar para agradecer novamente o traballo feito por todas e todos. Este órgano non tería sentido se a xente non participa, este ten que ser un foro real onde estea activa toda a comunidade educativa. E aínda que non é un órgano decisorio como dixo Antonio, que é consultivo, pensa que é dos poucos Consellos Escolares Municipais que está funcionando e están moi orgullosos de que funcione. Así que remata agradecendo o traballo de todas e todos, a súa participación e a súa gran implicación.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 19:55h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Gorka Gómez Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 10:49	Páxina 31 de 31
24898-332	CSV: ADAA54-B93124-AC8HDB-CTX2GY-EZSDXR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		